

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL, O FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA, A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA, O INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO, A FUNDACIÓN JUANA DE VEGA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA SOBRE A OBSERVACIÓN DA MOBILIDADE E O MERCADO DA TERRA EN GALICIA.

COMPARECEN

Dunha parte, a Consellería do Medio Rural (en adiante, a Consellería) e, no seu nome e representación, José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, segundo nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, a Axencia) e, no seu nome e representación, José González Vázquez, na súa condición de presidente da Axencia e no uso das facultades delegadas atribuídas no Acordo do Consello de Dirección da Axencia do 21 de xullo de 2021 (DOG núm. 148, do 4 de agosto).

Doutra parte, o Fondo Galego de Garantía Agraria (en adiante, o FOGGA) e, no seu nome e representación, José González Vázquez, presidente do FOGGA, conforme ao previsto no artigo 12 do Decreto 7/2014, do 16 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Fondo Galego de Garantía Agraria.

Doutra parte, a Axencia Tributaria de Galicia (en adiante, a ATRIGA) e, no seu nome e representación, Miguel Corgos López-Prado, presidente da Axencia Tributaria de Galicia, en virtude das facultades que lle conceden as normas xurídicas que regulan o exercicio do seu cargo, e sinaladamente o artigo 14 do Decreto 202/2012, do 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproba o seu estatuto.

Doutra parte, o Instituto de Estudos do Territorio (en adiante, o IET) e, no seu nome e representación, Ánxeles Vázquez Mejuto, vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, segundo nomeamento polo Decreto 66/2023, do 14 de xuño, facultada polo disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e presidenta, ademais, do IET, que actúa para tal efecto no exercicio das facultadas conferidas polos artigos 12 e 13.1 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os seus estatutos.

Doutra, a Fundación Juana de Vega (en adiante, a Fundación) e, no seu nome e representación, Enrique Sáez Ponte, presidente da Fundación, segundo nomeamento efectuado pola Xunta de Padroado o 13 de xuño de 2003, debidamente inscrito no

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal



Registro de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia o 1 de xullo do mesmo ano. A Fundación está clasificada como de beneficencia particular docente por Real Orde do "Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes", do 30 de xuño de 1925, inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia, co nº 58, con CIF G-15050602 e domicilio en Rúa Salvador Allende, nº 92, 15176 San Pedro de Nós – Oleiros.

E, doutra parte, a Universidade de Santiago de Compostela (en adiante, a USC), con NIF Q1518001A, e domiciliada en Pazo de San Xerome – Praza do Obradoiro, s/n, 15782-Santiago de Compostela, e no seu nome e representación D. Antonio López Díaz, reitor segundo nomeamento efectuado polo Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG do 22 de marzo), actuando en virtude das facultades que lle confire o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do Sistema Universitario, do 22 de marzo, e do artigo 82 do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da USC.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que, para convir no nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Consellería, en virtude do Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, engloba, entre outros centros directivos, a Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, e ten adscritos a ela o organismo autónomo Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) e o ente público Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.(a Axencia).

SEGUNDO.- Que á Consellería correspóndelle a elaboración, a proposta e o desenvolvemento das directrices de política agraria da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación, fomento e mellora da produción agrogandeira, e executar, entre outras, as medidas de apoio ao sector lácteo e gandeiro de Galicia; a protección e control da sanidade animal e vexetal e dos procedementos relacionados coa seguridade alimentaria; a formación, promoción e fomento do asociacionismo agrogandeiro; e mais a elaboración, proposta e desenvolvemento das directrices da política agraria en materia de mellora da estrutura das explotacións agrarias. Así mesmo, compételle a ordenación do sector agroindustrial e o fomento da súa actividade de transformación, así como a proposta da designación como zonas vulnerables á contaminación por nitratos de orixe agraria e dos programas de actuación derivados desa declaración e mais a análise e estudo da situación da cadea agroalimentaria en Galicia e dos axentes que interveñen nela, así como da formación dos prezos e dos custos de produción en cada un dos elos da cadea, e, con base nisto, a realización de actuacións de inspección e control necesarias para comprobar o cumprimento da normativa de aplicación. Dentro das súas competencias está a xestión dos datos referentes ás explotacións agrarias rexistradas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA), de especial interese para cumprir cos obxectivos do presente convenio.



TERCEIRO.- Que a Axencia é unha entidade dependente da Xunta de Galicia que, conforme ao previsto na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada lei.

De conformidade coa citada lei, a axencia dispón como instrumentos de mobilización de terras o Banco de Terras de Galicia e mais o Banco de Explotacións. O Banco de Terras de Galicia, xa existente con anterioridade a esa lei, ten como finalidade principal a xestión, mobilización e recuperación produtiva das terras agrarias, de xeito que se favoreza a mellora da base territorial das explotacións e se asegure a correcta orientación produtiva destas terras. Así mesmo, a Lei 11/2021 regula, como instrumentos de planificación, o Mapa de usos agroforestais de Galicia e o mais o Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia. O Mapa de usos agroforestais de Galicia servirá de base para a planificación das actuacións do conxunto dos órganos das administracións públicas, das entidades do sector público con competencias relacionadas co desenvolvemento rural e das entidades privadas interesadas, en todo o referente á ordenación e xestión de usos das terras agroforestais. E o Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia clasificará a totalidade dos terreos agroforestais en agropecuarios ou forestais en función da súa aptitude produtiva actual e potencial a partir da análise de factores físicos, ambientais, estruturais e socioeconómicos. Así mesmo procurará unha distribución axeitada dos usos agrogandeiros e forestais no territorio galego e favorecerá o desenvolvemento destes usos fronte ao abandono da terra agroforestal.

Por outra parte, a Lei 11/2021 regula novos mecanismos para a recuperación da terra agraria: polígonos agroforestais, aldeas modelo e actuacións de xestión conxunta. Estas figuras permiten recuperar as terras agrarias en situación de abandono ou infrautilización e pór de acordo as persoas titulares e as interesadas na posta en produción a través, fundamentalmente, do recurso ao arrendamento voluntario, por prezos e prazos acordados entre as partes, a permuta ou a compravenda para casos particulares; isto é, poñen en conexión a oferta e a demanda de terra, con instrumentos que garantan a seguridade xurídica dos investimentos e os dereitos das persoas titulares, e todo iso a través da mediación e o soporte técnico dos poderes públicos.

CUARTO.- Que o FOGGA é un organismo autónomo de carácter comercial e financeiro, creado pola Lei 7/1994, do 29 de decembro, que ten como obxectivo o de ser o organismo pagador dos fondos europeos agrícolas en Galicia (Fondo Europeo de Garantía Agrícola FEAGA) e Fondo Europeo Agrícola para o Desenvolvemento Rural FEADER). Como ente xestor dos fondos europeos, dispón da base de datos de declaración de superficies para a percepción de axudas da Política Agrícola Común (PAC).



QUINTO.- Que a Consellería de Facenda e Administración Pública, en virtude do Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, ten adscrita a axencia pública autónoma "Axencia Tributaria de Galicia", que ten entre as súas funcións a aplicación e xestión dos tributos propios da Comunidade Autónoma de Galicia, así como os estatais cedidos a esta comunidade autónoma, entre eles o Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITP e AXD).

SEXTO.- Que o IET configúrase como un organismo autónomo de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autónomo de Galicia, con personalidade xurídica propia e ten por obxecto a análise, estudo e asesoramento en materia de urbanismo e ordenación do territorio, entendéndose comprendida nela a ordenación, protección e xestión da paisaxe. Segundo establece o artigo 10 do Título II do Estatuto do IET, entre súas funcións atópase a realización de investigacións metodolóxicas e a creación de bases de datos e indicadores para o seguimento do desenvolvemento territorial de Galicia. O obxectivo é, entre outros, o de compilar e tratar a información do territorio galego para dar servizo ás diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente en materia agraria, de desenvolvemento rural e de xestión da paisaxe.

SÉTIMO.- Que a Fundación é unha entidade privada de natureza non lucrativa que, segundo consta nos seus estatutos, ten por obxecto promover, mediante as iniciativas que estime precisas, por si soa ou en colaboración con persoas ou entidades públicas ou privadas, o coñecemento, conservación e desenvolvemento do medio rural de Galicia con especial dedicación á formación da súa poboación activa, á preservación da súa contorna natural e humana e á mellora da súa base económica, así como das actividades con ela relacionadas. Por outra parte, a Fundación ten interese na realización de estudos e investigacións para un mellor coñecemento da problemática do mundo rural de Galicia e, concretamente, estudar as dinámicas que se están a producir na mobilidade de terras en canto recurso económico que cómpre aproveitar. Neste sentido, considera de interese apoiar e impulsar as actuacións que se definen no marco de colaboración deste convenio. Ademais, a Fundación desenvolve desde hai moitos anos unha intensa labor en prol do desenvolvemento rural, con múltiples colaboracións con diversas consellerías, para acadar un mellor cumprimento dos obxectivos comúns tendentes ao aproveitamento integral dos recursos do territorio desde o punto de vista produtivo, patrimonial, cultural e paisaxístico.

OITAVO.- Que a USC é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, sendo o desenvolvemento sustentable de Galicia un dos obxectivos aos que tales actividades se deben. A través do Laboratorio do Territorio (LaboraTe), a USC ten experiencia en estudos relacionados coa ordenación e planificación sostible de terras e do territorio, e xa participou na execución material do proxecto "Propiedade, mobilidade de terras e valorización territorial".



NOVENO.- Que durante o bienio 2013 e 2014, en virtude do convenio subscrito o 16 de outubro de 2013, entre a Axencia, a Fundación e a USC, desenvolveuse o proxecto "Propiedade, mobilidade de terras e valorización territorial". Entre os seus propósitos principais estaba o de deseñar un protocolo institucional, técnico e tecnolóxico para mellorar a caracterización e comprensión da mobilidade de terras en Galicia, co obxecto de analizar e comprender os mercados de terras, os efectos que teñen na mobilización produtiva da terra agrícola e, a través dela, na flexibilidade e eficacia da produción primaria.

DÉCIMO.- Que para o desenvolvemento do proxecto ao que fai referencia o expositivo anterior, a Axencia Tributaria de Galicia, o FOGGA e a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria asinaron un acordo coa Axencia o 25 de marzo de 2014, o 9 de xaneiro de 2014 e o 14 de marzo de 2014, respectivamente, para proporcionar os datos necesarios para a execución do proxecto "Propiedade, mobilidade de terras e valorización territorial".

DÉCIMO PRIMEIRO.- Que o proxecto concluíu que as fontes idóneas para obter información sistemática e actualizada sobre as dinámicas da mobilidade de terras en Galicia son os datos xestionados directamente polo Banco de Terras e os derivados do Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados. Por outro lado, a integración dos datos do Sistema de Información Xeográfica Catastral (SIXCA) e o Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC) permite obter unha aproximación a mecanismos de mobilidade de terras non documentados como os contratos orais de arrendamento, cesións e/ou permutas. Finalmente, a análise dos indicadores en relación a variables do REAGA ou o Mapa de Capacidade Produtiva do Solo, entre outros, permiten facer unha aproximación sistemática ao comportamento da oferta e a demanda potenciais, así como caracterizar os índices (prezo, por exemplo) en función de variables estruturais e agronómicas.

DÉCIMO SEGUNDO.- Que o 29 de decembro de 2016 a Consellería do Medio Rural, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, o Fondo Galego de Garantía Agraria, a Axencia Tributaria de Galicia, o Instituto de Estudos do Territorio, a Fundación Juana de Vega e a Universidade de Santiago de Compostela asinaron un convenio no que se establecían as condicións polas que se rexía colaboración entre as entidades asinantes para analizar a información que permitise facer un seguimento da mobilidade e o mercado da propiedade rústica en Galicia a modo de "Observatorio Galego de Mobilidade de Terras".

As partes asinantes puxeron en marcha unha metodoloxía de seguimento da mobilidade de terras para poder ofrecer a todos os axentes interesados información válida para a toma de decisións, que facilite un fortalecemento significativo da capacidade de adaptación e modernización do sector público e privado, respecto da xestión sostible da terra e do territorio. Porén, o elevado volume de datos existente non permitiu rematar os traballos de recollida, elaboración e difusión de información sobre a mobilidade de terras rústicas de Galicia durante o período de vixencia fixado inicialmente, razón pola que foi prorrogado ata o 29 de decembro de 2019.

Ademais, o artigo 12.1.b) 4º da Lei 11/2021, de recuperación da terra agraria de Galicia, faculta ao Consello de Xestión da Terra Agroforestal a crear o Observatorio Galego

de Mobilidade de Terras, para o funcionamento do cal se poderá colaborar con entidades públicas e privadas como ferramenta que terá como obxectivos a recollida, elaboración e difusión de información sobre mobilidade de terras rústicas en Galicia para mellorar a transparencia dos mercados e coñecer as dinámicas que se dan sobre estas terras a nivel parroquial ou municipal e para o conxunto da Comunidade, co dobre obxectivo de poder deseñar e implantar políticas públicas tendentes a un mellor aproveitamento da terra e dos recursos do territorio e de subministrar datos que axuden ás decisións dos axentes privados.

DÉCIMO TERCEIRO.- Que co ánimo de mellorar a calidade da información dispoñible sobre a mobilidade de terras en Galicia, as partes que asinaron o convenio do 29 de decembro de 2016 acordaron continuar coa súa colaboración, mediante a prórroga deste convenio o 29 de decembro de 2017, primeiro, e, despois, mediante a sinatura, o 30 de decembro de 2020, dun novo convenio que tiña como obxectivo a análise da información que permitira facer un seguimento da mobilidade e o mercado da propiedade rústica en Galicia.

No marco dos convenios anteriores publicáronse os Informes correspondentes aos anos 2018 a 2022 sobre prezos e mobilidade da terra rústica en Galicia e demostrouse a utilidade dos datos xerados.

Desde o convenio asinado o 30 de decembro de 2020 puxéronse de manifesto as seguintes circunstancias que aconsellan renovar a colaboración das partes mediante a sinatura dun novo convenio:

- a) A recente publicación do Censo Agrario 2020, que aporta datos sobre a propiedade da terras de gran relevancia para a análise da mobilidade de terras.
- b) A regulación na Lei 11/2021, de recuperación da terra agraria de Galicia, de novos instrumentos: O Mapa de usos agroforestais de Galicia e o Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia, que van ofrecer novos datos de interese para a mobilidade de terras e o mercado da propiedade rústica en Galicia. Os informes publicados sobre a base da información facilitada polas entidades participantes nos sucesivos convenios foron elaborados pola USC e pola Fundación. Tendo en conta a favorable acollida e o interese que eses informes veñen suscitando no sector agroforestal, considérase que deben reforzarse os traballos desenvolvidos no marco dos convenios sinalados, de xeito que os expertos da USC e da Fundación poidan profundar na análise dos datos.
- c) A conveniencia de incrementar e profundar nas actuacións vinculadas aos convenios xa asinados entre as partes pon de manifesto a necesidade de aportar recursos adicionais para que os expertos da USC e da Fundación poidan acometer as novas tarefas.

DÉCIMO CUARTO.- Que as entidades participantes desexan impulsar a creación dun marco de investigación, desenvolvemento e acción estable, que mellore o coñecemento en materia de mobilidade de terras e das dinámicas da xestión da terra no medio rural, que integre os axentes relevantes na materia e permita un fortalecemento significativo da capacidade de adaptación e modernización do sector público e privado, no que atinxe á xestión sostible da terra e do territorio. Por iso, as entidades participantes consideran moi útil definir un marco de colaboración



institucional no ámbito da integración de información relevante sobre a mobilidade de terras.

Esta colaboración ofrece a oportunidade de sumar achegas de orixe pública, a través da Axencia e da USC, e mais achegas de orixe privada, a través da Fundación, para a consecución de obxectivos de interese xeral para a sociedade galega.

En consecuencia, dado o interese común e coincidente das entidades participantes, estas consideran moi útil seguir contando co marco de colaboración institucional xa existente, para o que acordan asinar o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, o Fondo Galego de Garantía Agraria, a Axencia Tributaria de Galicia, o Instituto de Estudos do Territorio, a Fundación Juana de Vega e a Universidade de Santiago de Compostela para a análise da información que permita facer un seguimento da mobilidade e o mercado da propiedade rústica en Galicia, a modo de "Observatorio Galego de Mobilidade de Terras", cuxos resultados e actividades realizadas vincularanse ás marcas "Observatorio Galego de Mobilidade de Terras".

SEGUNDA.- OBXECTIVO DO CONVENIO

Este convenio ten por obxectivo recoller, elaborar e difundir a información sobre mobilidade de terras rústicas de Galicia para mellorar a transparencia dos mercados e coñecer as dinámicas que se dan sobre estas terras a nivel parroquial/municipal e para o conxunto da Comunidade, co dobre obxectivo de poder deseñar e implantar políticas públicas, tendentes a un mellor aproveitamento da terra o dos recursos do territorio, e fornecer datos que axuden ás decisións dos axentes privados.

Para iso, a información sobre mobilidade de terras ofrecerase a través dunha plataforma web aloxada no portal do Banco de Terras de Galicia que, con distintos niveis de acceso, servirá de infraestrutura tecnolóxica de referencia sobre mercados e mobilidade de terras rústicas en Galicia, na que se poderá dispor da seguinte información:

- Taxa de transferencia por parroquia ou concello e autonómica para Galicia.
- Datos estatísticos (media, moda, mediana...) de prezos por concello, e parroquia de Galicia.
- Evolución anual de todos estes datos co mesmo nivel de desagregación.
- Outros indicadores de oferta e demanda.



Ademais do anterior, esta colaboración para xerar información sobre a mobilidade de terras, poderá xerar aquela información que poida ser demandada polas entidades e organismos asinantes deste convenio co obxectivo de mellorar a eficacia das accións que desenvolven no eido das súas respectivas competencias.

Tamén poderán os asinantes organizar xornadas de xeito conxunto ou mesas de traballo, para contribuír aos obxectivos de difusión de información e dotar de transparencia aos mercados de terras rústicas da Comunidade. A estas mesas de traballo poderán convidarse outros axentes relevantes, como Universidades, colexios de notarios e rexistradores, asociacións de cooperativas agrarias, a FEGAMP, organizacións agrarias, Xurado de Expropiación de Galicia, entre outros.

Ademais, emitirase un informe anual elaborado pola Fundación e pola USC cunha síntese analítica da información albergada na plataforma, á que, previa conformidade dos asinantes do presente convenio, se lle dará difusión dende as distintas institucións asinantes, incluíndo no informe para o ano 2023 unha análise dos micro datos do Censo Agrario de 2020. A maiores, promoverase o impulso e coordinación de foros/mesas de traballo/debate/análise/avaliación de temática relacionada cos obxectivos do observatorio. Os resultados destas sesións de traballo en foros/mesas recolleranse nos correspondentes informes e presentaranse nunhas xornadas de difusión e discusión anuais.

TERCEIRA.- COMPROMISOS ASUMIDOS POLAS PARTES

As partes asumirán os compromisos recollidos no Anexo técnico deste convenio, co obxectivo de elaborar os indicadores e a información descrita na cláusula anterior.

A información facilitada será susceptible de tratamento, conforme ao protocolo de análise da información proposto no Proxecto de Propiedade, Mobilidade e Valorización Territorial que foi levado a cabo pola Axencia, a Fundación e a USC no marco do convenio de colaboración do 16 de outubro de 2013. Ademais poderán xerarse outras metodoloxías de análise, no marco dos obxectivos deste convenio, por proposta das institucións que faciliten os datos.

Mediante o presente convenio as partes asinantes asumen un compromiso de fomento da participación das mulleres tanto no seu ámbito de actuación como nos seus órganos de decisión.

CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

As actuacións previstas para as entidades que asinan este convenio coordinaranse por medio dunha comisión de seguimento da que formarán parte os seguintes representantes, que serán designados por cada unha das partes asinantes:

- a) Pola Consellería, a persoa titular da Consellería do Medio Rural, ou persoa en quen delegue, que presidirá a comisión,
- b) Pola Axencia, a persoa que ocupe a Dirección Xeral da Axencia, ou persoa en quen delegue,
- c) Polo FOGGA, a persoa que ocupe a dirección do FOGGA, ou persoa en quen delegue,



- d) Pola ATRIGA, a persoa que ocupe a súa dirección, ou persoa en quen delegue,
- e) Polo IET, a persoa que ocupe a súa dirección, ou persoa en quen delegue,
- f) Pola Fundación, a persoa que ocupe a súa dirección, ou persoa en quen delegue,
- g) Pola USC, a persoa que ocupe a dirección do Grupo de Investigación Laboratorio do Territorio, ou persoa en quen delegue.

Este órgano reunirse co obxectivo de facer o seguimento, analizar e estudar a información xerada e, no seu caso, propoñer melloras no tratamento de datos e actuacións que se realicen. Tamén servirá para resolver as diferencias entre as partes derivadas da aplicación deste convenio.

QUINTA.- DURACIÓN DO CONVENIO

Este convenio terá unha duración que se iniciará na data da súa sinatura e rematará o 30 de novembro de 2026. En calquera momento antes da finalización do prazo de duración, as partes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción. Para o caso de prórroga, deberá preverse a tramitación desta no primeiro semestre de 2026.

A sinatura deste convenio deixará sen efecto o convenio de colaboración asinado o 30 de decembro de 2020 entre a Consellería do Medio Rural, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, o Fondo Galego de Garantía Agraria, a Axencia Tributaria de Galicia, o Instituto de Estudos do Territorio, a Fundación Juana de Vega e a Universidade de Santiago de Compostela para a observación da mobilidade e o mercado da terra en Galicia.

SEXTA.- PRESENTACIÓN DE INFORMES

A USC e a Fundación serán as responsables da execución material das actuacións previstas que se describen no anexo técnico a este convenio.

A USC será a que asuma a responsabilidade da coordinación técnica das actuacións relativas á información sobre a mobilidade de terras, e como tal, informará á Axencia e ás demais partes asinantes da marcha das actuacións realizadas, para o que remitirá informes periódicos.

Unha vez rematadas as actuacións, a USC e a Fundación emitirán unha memoria final na que se indicarán de maneira clara e precisa os obxectivos acadados coas actuacións previstas no Anexo técnico e, no seu caso, as desviacións e as súas causas. A data de presentación dos informes periódicos e da memoria final será, como máximo, o 15 de novembro de cada anualidade.

SÉTIMA.- FINANCIAMENTO

O orzamento deste convenio ascende a CENTO TRINTA E DOUS MIL euros (132.000,00 €), tal e como se reflicte no Anexo técnico deste convenio.

Deste importe, a Axencia achegará, con cargo á aplicación orzamentaria 14A1.712A.640.0 NOVENTA E SEIS MIL euros (96.000,00 €) que irán destinados á consecución dos obxectivos fixados, segundo os conceptos de gasto expostos no citado Anexo técnico, cuxa distribución será a seguinte,



ANUALIDADE	USC	FUNDACIÓN JUANA DE VEGA	TOTAL
2023	20.000	4.000	24.000
2024	20.000	4.000	24.000
2025	20.000	4.000	24.000
2026	20.000	4.000	24.000
TOTAL	80.000	16.000	96.000

En canto ao resto do importe, serán asumidos directamente pola Fundación DEZASEIS MIL euros (16.000,00 €) e pola USC VINTE MIL euros (20.000,00 €) en concepto de horas de dedicación de persoal propio, como contribución propia aos obxectivos do convenio, segundo se detalla no Anexo Técnico.

OITAVA.- INGRESO DAS ACHEGAS

Para a execución do convenio, a Axencia achegará ás contas da USC e da Fundación, como responsables técnicos das actuacións previstas, un importe total, por todos os conceptos, de NOVENTA E SEIS MIL euros (96.000,00 €), dos que OITENTA MIL euros (80.000,00 €) serán para a USC e DEZASEIS MIL euros (16.000,00 €) para a Fundación.

As achegas para a USC faranse efectivas na c/c nº 3070 0031 44 1138309024, da Caixa Rural Galega, Sucursal Urbana 4, Alfonso X O Sabio, 27002 Lugo.

As achegas para a Fundación faranse efectivas na c/c nº ES45 0238 8101 27 0600086361 do Banco Santander.

A Axencia fará o desembolso das súas achegas por anualidades unha vez que a USC e a Fundación presenten certificación acreditativa dos gastos incorridos en relación ás actividades correspondentes a cada ano, xunto coa memoria das accións levadas a cabo conforme ao disposto no anexo técnico.

A dita certificación deberá acompañarse dos documentos que recollan as actividades realizadas no período de xustificación, dun informe de actuacións e dos gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio. Asemade, deberán presentar os xustificantes dos gastos que se relacionen, mediante factura ou nóminas, dietas e gastos de viaxe do persoal propio das entidades que e que desenvolvan as diferentes actividades así como xustificante de pago delas a través de transferencia bancaria, relacionándoas coas actividades levadas a cabo conforme ao disposto no anexo técnico do presente convenio. A Axencia poderá solicitar canta información adicional e clarexatoria estime oportuna a estes efectos, e a USC e a Fundación estarán obrigadas a facilitarlla.

Para a última achega será preciso ademais presentar a memoria final á que fai referencia a cláusula sexta.

A documentación xustificativa presentarse electronicamente accedendo a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>



Os pagamentos financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes obteña lucro ningún. No caso de que a xustificación do gasto sexa menor ao importe do convenio, a contribución económica da Axencia diminuírase proporcionalmente, mantendo as porcentaxes de contribución de cada parte sobre o total tendo como data límite de xustificación o 30 de novembro en todas as anualidades.

Procederá a obriga de reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións establecidas neste Convenio, así como a obriga de facilitar a información que sexa requirida pola Axencia en relación coa xustificación do Convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das cantidades.

NOVENA.- INCORPORACIÓN DE NOVAS ENTIDADES

Ao convenio poderán adherirse novas entidades que, por razóns da materia, poidan ser de interese no desenvolvemento das actividades.

A adhesión farase tras o acordo favorable da Comisión de seguimento, e a mesma levaría consigo a sinatura dun novo convenio, que, salvo acordo entre as partes, só modificaría o anexo técnico incorporando os compromisos adquiridos polo novo asinante, de ser o caso.

DÉCIMA.- CONFIDENCIALIDADE DOS DATOS

As partes asinantes, na medida en que sexan entidades receptoras dos datos, deberán adoptar respecto da información recibida as mesmas medidas de seguridade das que dispoñen para preservar a súa información confidencial, evitando a súa perda ou roubo. Igualmente deben advertir do dito deber de confidencialidade e segredo aos seus empregados ou ás persoas que poidan ter acceso á citada información para o seu tratamento.

Así mesmo, as partes asinantes comprométese a manter tamén unha estrita confidencialidade dos datos, incluídos os datos persoais, aos que poidan ter acceso en virtude deste convenio, sen que en ningún caso, poidan ser empregados para unha finalidade distinta á prevista no mesmo, e os mesmos non poderán ser reproducidos, modificados, publicados e/ou divulgados a terceiros sen a previa autorización dos cedentes dos mesmos.

Para estes efectos, o contacto coas persoas encargadas da protección de datos (Delegado/a de Protección de Datos.-DPD) nas entidades que se indican pode realizarse a través dos seguintes enderezos:

- a) Consellería do Medio Rural, Axencia, FOGGA, Axencia Tributaria de Galicia e IET: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>
- b) Fundación: info@juanadevega.org
- c) USC: dpd@usc.es



DÉCIMO PRIMEIRA.- PARTICIPACIÓN DOS INVESTIGADORES E COLABORADORES DA USC

A participación dos investigadores da USC nas actividades mencionadas no presente convenio efectuarase no marco da Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, de Universidades, e conforme á regulamentación vixente propia da USC recollida nos seus Estatutos e no Regulamento para a Realización de Investigación, e de acordo coa normativa vixente de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Igualmente, a USC poderá contratar persoal e/ou nomear colaboradores do persoal técnico e administrativo que o bo funcionamento das actividades obxecto do presente convenio requira, de acordo co establecido no Regulamento de colaboración do Persoal de Administración e Servizos desta Universidade en Cursos e Convenios de Investigación vixente na USC, e de acordo coa normativa vixente de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

DÉCIMO SEGUNDA.- RELACIÓN LABORAL COAS PARTES ASINANTES

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais da USC e da Fundación que vaian desenvolver as actividades e as demais partes asinantes, de maneira que a estas non se lles poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos na execución das actuacións que lles corresponden á USC e á Fundación.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROPIEDAD INTELECTUAL

A propiedade intelectual dos traballos resultantes será compartida polas partes asinantes deste convenio, que se comprometen a empregala dentro dos fins que lles son propios.

DÉCIMO CUARTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do convenio o mutuo acordo das partes, o incumprimento das estipulacións fixadas polo acordo das partes, o incumprimento das obrigas fundamentais que deriven do mesmo, ou calquera alteración ou modificación substancial das circunstancias que motivaron orixinariamente a súa conclusión e que fagan aconsellable a subscrición dunha nova relación xurídica.

DÉCIMO QUINTA.- XURISDICIÓN.

Este convenio ten carácter administrativo e considérase excluído do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do art. 6.1 c) do mesmo.

As controversias sobre a interpretación e execución deste poderán ser resoltas pola comisión de seguimento prevista no presente convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación e cumprimento serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso- administrativo.



DÉCIMO SEXTA.- TRASPARENCIA DA ACTIVIDADE PÚBLICA

Para os efectos do previsto na normativa de transparencia da actividade pública, este convenio será publicado e as persoas asinantes aceptan que as súas rúbricas e os seus datos persoais que figuran neste convenio se publiquen igualmente.

Este convenio será inscrito no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia regulado no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, e será obxecto de publicidade nos termos do artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente documento na data da sinatura electrónica.

José González Vázquez
Conselleiro do Medio Rural,
Presidente da Axencia e Presidente
do FOGGA

Miguel Corgos López-Prado
Presidente da ATRIGA

Ánxeles Vázquez Mejuto
Presidenta do IET

Antonio López Díaz
Reitor da USC

Enrique Sáez Ponte
Presidente da Fundación

ANEXO TÉCNICO

I.-Observatorio galego de mobilidade de terras.

1.- En relación ao obxectivo do convenio de elaborar e difundir a información sobre mobilidade de terras rústicas de Galicia co obxectivo de mellorar a transparencia dos mercados e coñecer as dinámicas que se dan sobre estas terras a nivel parroquial/municipal e para o conxunto da Comunidade, as partes asumirán os seguintes compromisos:

- **Axencia Galega de Desenvolvemento Rural – Banco de Terras de Galicia:**
 - a) Coordinar e recibir a información aportada por cada entidade como xestor da plataforma tecnolóxica deseñada para dispoñibilizar anualmente a información e documentación xerada.
 - b) Xestionar e actualizar a información na plataforma web aloxada no portal do Banco de Terras de Galicia.
 - c) Achegar os datos de terra demandada, destino solicitado e oferta de parcelas segundo tipoloxía (masas de concentración parcelaria, parcelas de descoñecidos, oferta privada...).
 - d) Achegar os datos do Mapa de usos agroforestais de Galicia e do Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia.
 - e) Difundir e publicitar os materiais/informes xerados polo Observatorio e participar nas xornadas de difusión dos mesmos.

- **Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA):**
 - a) Ceder anualmente os datos relativos a transaccións de terras rústicas (compravenda e arrendamentos) –número de operacións, superficie e prezos- total (autonómico, municipal e parroquial) e debidamente analizada polas categorías establecidas no Anexo I do Convenio de Colaboración entre a Axencia Tributaria de Galicia e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para a execución do Proxecto “Propiedade, Mobilidade de Terras e Valorización Territorial”. En particular:
 - i. Número de operacións por concello e parroquia
 - ii. Superficie media e mediana da transacción por concello e parroquia
 - iii. Prezo medio, mediano, máximo e mínimo, primeiro e terceiro percentil por concello e parroquia.
 Segundo:
 - Concepto (compravenda, arrendamento)
 - Tipo de suxeito pasivo e transmitinte (persoa física ou xurídica)
 - Tipo de uso :

MT	Monte baixo
MM	Monte maderable
V	Viña
C	Labradío, prado
MT0	Solo urbanizable sen desenvolver



SUN	Solo núcleo rural
CO	Solo rústico edificado

- Réxime de copropiedade de transmitinte e suxeitos pasivos (1,2,3 ou máis de tres)
- Réxime de absentismo de transmitinte e suxeito pasivo (absentista, residente). A condición de absentismo será definida como aquel que afecta a parcelas con máis do 50 % dos transmitintes ou suxeitos pasivos residentes nun concello diferente ao de localización da parcela.
- Tipo de acceso:

IN	Interior (sen acces	Servidume de paso
PT	Carreiro sen asfalt	Sen cunetas, pista de terra ou zahorra
CV	Camiño	Con cunetas, con ancho para vehículo
CC	Vía asfaltada	Rede municipal pavimentada
CG	Estrada principal	Rede estatal, autonómica e provinc
NP	Núcleo pobo (aldea)	Travesías de núcleos pavimentadas

b) Ceder anualmente a información alfanumérica da Orde pola que se regula o medio de comprobación do valor dos bens inmobles no ámbito dos impostos sobre sucesións e doazóns e sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

c) Difundir institucionalmente os materiais/informes xerados polo Observatorio e participación nas xornadas de difusión dos mesmos.

- **Consellería do Medio Rural:**

- Ceder anualmente a base de datos alfanumérica correspondente ó Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (incluíndo explotacións gandeiras, hortofrutícolas, vitivinícolas, etc) e as bases de datos asociadas a Rexistro de Explotacións Prioritarias, Axudas a incorporacións de mozos e Axudas á Modernización das Explotacións Agrarias (Plans de Mellora).
- Os datos do REAGA solicitados correspóndense cos apartados 1 a 9 do Procedemento MR408B de Inscripción no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA), en particular dado o obxecto da plataforma os campos relativos ao apartado 6 (Réxime de tenza de terra) e 8 (Dedicación da terra e Gando). En particular,
 - Datos da explotación* (datos o máis concretos posibles sobre a localización para facer análise territorial e espacial).
 - Datos da persoa titular* (son de especial interese a información relativa a: tipo de titular, clase de agricultor, número de socios, data de nacemento ou idade, capacitación, data de instalación
 - Orientación produtiva
 - Tipo de produción
 - Man de obra



- Usos do terreo
- Renda unitaria de traballo
- b) Difundir institucionalmente os materiais/informes xerados polo Observatorio e participar nas xornadas de difusión dos mesmos

- **Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA):**
 - a) Ceder anualmente a base de datos alfanumérica de superficie declaradas á PAC a nivel recinto, parcelario SIXPAC, táboa intermedia de códigos de cultivo, produto e variedade.
 - b) Difundir institucionalmente os materiais/informes xerados polo Observatorio e participar nas xornadas de difusión dos mesmos.

- **Instituto de Estudos do Territorio (IET)**
 - a) Dispoñer da información xerada no marco deste convenio.
 - b) Participar nas xornadas e mesas de traballo que se convoquen dende o Observatorio
 - c) Difundir institucionalmente os materiais/informes xerados polo Observatorio e participar nas xornadas de difusión dos mesmos.
 - d) Facilitar á Axencia planos ou calquera outra información territorial da que dispoña o Instituto que contribúa ao mellor funcionamento do Observatorio.

- **Fundación Juana de Vega**
 - a) Editar e maquetar os informes elaborados pola Universidade de Santiago de Compostela en relación ao Observatorio da Mobilidade de Terras.
 - b) Coordinar e colaborar, de ser o caso, na organización das xornadas temáticas para presentar os traballos desenvolvidos polo Observatorio.

- **LaboraTe (Universidade de Santiago de Compostela)**
 - a) Analizar e elaborar os indicadores de mobilidade de terras.
 - b) Xerar a información espacial e alfanumérica a dispoñibilizar a través da plataforma web do Banco de Terras de Galicia.
 - c) Elaborar os informes anuais de seguimento das dinámicas de mobilidade de terras en Galicia que se viñan realizando ata a actualidade e outros informes con carácter bienal nos que se analice a relación entre as principais variables e indicadores de mobilidade de terras coas dinámicas sectoriais ou territoriais de interese, en particular con:
 - a. As dinámicas estruturais do sector agrogandeiro galego no seu conxunto e con sectores de especial relevancia, como o lácteo, o cárnico, o viño ou o forestal, de selo caso.
 - b. As dinámicas do uso da terra, a nivel global, comarcal e municipal.
 - d) Elaborar unha memoria final, no que se indicarán de maneira clara e precisa os obxectivos acadados coas actuacións previstas e, no seu caso, as desviacións e as súas causas.
 - e) Coordinar as mesas/foros e elaboración dos informes e resultados derivados das mesmas/os.

2.-Instrucións básicas para o intercambio de datos.



Conforme ás recomendacións resultantes do proxecto "Propiedade, mobilidade de terras e valorización territorial" relativas á integración de fontes de información, cítanse a continuación unha serie de requisitos mínimos para a cesión dos datos indicados que poderán ser ampliados ou acordados co persoal técnico encargado da exportación de datos segundo cada caso. Os requirimentos básicos son:

- Data de cesión: 1º semestre (anualidade anterior para publicar o informe no semestre en curso)
- Banco de Terras de Galicia a través dun servizo de copia de datos sFTP habilitado por este.
- Formato do arquivo de intercambio comprimido: RAR
- Formato de datos tabulares: CSV. Con: o punto e coma (;) como separador de campos; a coma (,) como separador decimal; sen separador de miles; e as comiñas inglesas (" ") como delimitador dos campos de texto.
- Formato de datos xeoespaciais: SHAPEFILE
- Codificación de caracteres: UTF-8
- Sistema de Referencia Xeodésico: ETRS89 (European Terrestrial Reference System 1989) segundo *Real Decreto 1071/2007, de 27 de xullo, polo que se regula o sistema xeodésico de referencia oficial en España.*
- Arquivo de metadatos que inclúa como información básica: data, organismo, descrición, persoa ou cargo técnico de contacto, códigos de campo e decodificación dos seus valores.

Actividades da USC

Nº Act	Actividade	2023	2024	2025	2026	TOTAL
1	Analizar e elaborar os indicadores de mobilidade de terras, xerar a información espacial e alfanumérica, e elaboración do informe anual de mobilidade de terras	11.000,00	11.000,00	11.000,00	11.000,00	44.000,00
2	Informe dinámicas sectoriais	14.000,00	-	14.000,00	-	28.000,00
3	Informe sobre as dinámicas do uso da terra a nivel global, comarcal municipal	-	14.000,00	-	14.000,00	28.000,00
TOTAL		25.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	100.000,00



Actividades da Fundación

Nº Act	Actividade	2023	2024	2025	2026	TOTAL
4	Editar e maquetar os informes elaborados pola Universidade de Santiago de Compostela en relación ao Observatorio da Mobilidade de Terras	3.000,00	3.000,00	3.000,00	3.000,00	12.000,00
5	Coordinación xornadas para presentación informes observatorio	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	20.000,00
TOTAL		8.000,00	8.000,00	8.000,00	8.000,00	32.000,00

II. ORZAMENTO TOTAL DO CONVENIO

	Nº Ac	Actividade	2023	2024	2025	2026	TOTAL
USC	1	Analizar e elaborar os indicadores de mobilidade de terras, xerar a información espacial e alfanumérica, e elaboración do informe anual de mobilidade de terras	11.000,00	11.000,00	11.000,00	11.000,00	44.000,00
	2	Informe dinámicas sectoriais	14.000,00	-	14.000,00	-	28.000,00
	3	Informe sobre as dinámicas de uso da terra, a nivel global, comarcal e municipal	-	14.000,00	-	14.000,00	28.000,00
FUNDACIÓN JUANA DE VEGA	4	Editar e maquetar os informes elaborados pola Universidade de Santiago de Compostela en relación ao Observatorio da Mobilidade de Terras.	3.000,00	3.000,00	3.000,00	3.000,00	12.000,00
	5	Coordinación xornadas para presentación informes observatorio	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	20.000,00
		TOTAL ORZAMENTO	33.000	33.000	33.000	33.000	132.000,0